

## 1 TESE POLÍTICA Iº AN DE ANOVA ( CN 11-05-2013 )

2

3 Reunida a Coordinadora Nacional o pasado día 11-05 acordou aprobar o ditame ás emendas feito  
4 pola Permanente e que se envía con esta proposta de tese política resultante de incorporar as  
5 emendas aceptadas ou as transaccións propostas.

6 Lémbrese que as persoas ou grupos emendantes dispoñen de prazo até o 20 de maio para  
7 comunicar se for o caso, que manteñen a emenda/as.

8 A comunicación farase exclusivamente **ao enderezo de e-mail < [assemblea@anova-galiza.org](mailto:assemblea@anova-galiza.org) >**,  
9 **antes das 24:00 horas do luns día 20** de maio.

10

11

12

## 13 TESE POLÍTICA

14 ANOVA é froito dun proceso intenso de creación de abaixo cara arriba dunha organización política  
15 de novo tipo. O propio proceso de constitución de Asembleas Nacionalistas na primavera pasada,  
16 que confluíron para celebrar unha asemblea constituínte desta organización asemblearia,  
17 horizontal, aberta ao pluralismo existente no nacionalismo de esquerda e ao servizo da maioría  
18 social, é indicativo da vontade política e do esforzo militante dos centos de persoas que  
19 participamos nel.

20 As definicións básicas, os principios políticos, os principio organizativos e as estratexias vitais  
21 foron definidas con precisión na ANC do 14 de Xullo de 2012.

22 Hoxe tras un proceso de maduración, de práctica política e aprendizaxe urxente e acelerado  
23 vemos a necesidade de novas concrecións, actualización de estratexias, e medidas de reforzo  
24 organizativo que fan que encaremos esta 1ª Asemblea Ordinaria de ANOVA coa ilusión de termos  
25 completado un primeiro ciclo inicial, frutífero e que ten rebordado en moitos aspectos moitas das  
26 máis ambiciosas expectativas que tiñamos aló polo mes de xullo pasado.

27 Somos conscientes do esforzo realizado nesta confluencia, do aporte plural e diverso realizado, e  
28 a aparición por decantación dun novo xeito de participar colectivamente, no horizonte dunha única  
29 militancia integradora a partires da non necesidade de dupla militancia asumida libre e  
30 voluntariamente por todas as persoas que somos ANOVA.

31 Nese horizonte estratéxico esencial, todas as formas de participación promoverán a participación  
32 individual, facendo innecesaria a pulsión de pertenza ou conformación de colectivos que non  
33 sexan a propia ANOVA.

34 Os métodos de designación de persoas para cometidos no seo da organización ou para o  
35 desempeño da cargos públicos estarán baseados no principio democrático do sufraxio universal  
36 do ámbito que se trate -nacional ou local-, no que todas as persoas poidan decidir sobre todas as  
37 persoas postuladas e que os votos de todas vallan igual.

38 Tamén, é preciso priorizar a formación da afiliación, a adquisición dunha linguaxe común para non  
39 caer nas prácticas da vella política que reproduce no seu interior a división do traballo entre os  
40 que saben, deciden e mandan e os que non saben, obedecen e traballan.

41 Mais se aspiramos a ser unha organización política para a maioría social e integrar un continxente  
42 cada vez máis numeroso de cidadáns e cidadás temos que poñer igual interese en vacinar Anova  
43 contra **a cultura da aristocracia da militancia**. Se falamos de traballo voluntario como soporte  
44 fundamental da capacidade de Anova, todas as achegas son valiosas independentemente do que  
45 cada quen poida aportar.

46 **Nesta Iª Asemblea Nacional ANOVA reafirma a vixencia do documento político constituínte**  
47 **que nos define en [Quen somos?](#), como a coincidencia de persoas que concordan en:**

2

1

48 ... *recuperar a dignidade dunha acción política baseada na radicalidade democrática; nos*  
 49 *principios republicanos de igualdade, liberdade, fraternidade e laicidade; na conciencia sobre os*  
 50 *límites ecolóxicos do planeta; na loita contra calquera caste de discriminación; na permanente*  
 51 *fiscalización por parte da cidadanía dos elixidos e elixidas e en que a orientación das políticas, en*  
 52 *todos os ámbitos, deberá sempre estar presidida pola defensa do benestar das maiorías sociais e*  
 53 *a defensa das minorías oprimidas, en definitiva, na procura do ben común.*

54

55 **Análise do contexto:**

56 Na Asemblea Constituínte xa analizamos o contexto mundial, europeo e galego afirmando

- 57 • *Que estamos ante a fin dun ciclo histórico tanto a nivel mundial como europeo tras catro*  
 58 *décadas de imposición de políticas económicas contrarias ás maioría sociais, que*  
 59 *desmantelaron o modelo do estado do benestar e provocaron a maior crise económica,*  
 60 *social e política do capitalismo.*
- 61 • *Que esta fin de ciclo se manifesta tamén no Estado Español no esgotamento do modelo*  
 62 *político denominado “da Transición”, manifestado na gravidade da crise económica, no*  
 63 *descrédito da forma monárquica, da subordinación á Igrexa Católica, e da defensa dos*  
 64 *intereses oligárquicos que o Estado ampara nos eidos da Política, a Economía, a Xustiza,*  
 65 *etc. O “Estado das Autonomías” resulta manifestamente incapaz de acoller a realidade*  
 66 *plurinacional para a que cada vez máis constitúe unha pexa aferrolladora.*
- 67 • *Que a actual crise afecta a todos os ámbitos da vida por estar motivada principalmente por*  
 68 *unha crise de recursos enerxéticos, nomeadamente o petróleo, tal e como recoñece a*  
 69 *Axencia Internacional da Enerxía. A sociedade occidental vertebrouse nos últimos cento*  
 70 *cincuenta anos coa realidade de poder consumir cada vez máis enerxía, mais aquí en*  
 71 *diante a realidade é que vai haber cada vez menos recursos enerxéticos non renovábeis,*  
 72 *polo tanto a nosa organización vertebrará as súas propostas de futuro na aceptación desta*  
 73 *realidade cara unha Galiza post-petróleo.*

74

75 Sobre estas coincidencia e as consideración partilladas, e dende o pensamento dunha esquerda  
 76 plural e inclusiva e a reivindicación da nación dos galegos e galegas propónse **formular modelos**  
 77 **alternativos que superen tanto o actual sistema económico como o modelo de**  
 78 **organización xurídico-política do estado.**

79 En definitiva, Anova - Irmandade Nacionalista recoñécese, no socialismo republicano, o  
 80 ecoloxismo, o feminismo, o anticonsumismo e o antiautoritarismo, ao tempo que afirma que Galiza  
 81 é o noso marco de acción porque cremos na capacidade e necesidade de autoorganización  
 82 política; ao tempo, acreditamos na cooperación entre os pobos e entre as persoas do mundo.

83 Anova nega as tendencias neocoloniais de intervención armada duns Estados sobre outros co fin  
 84 de impor valores proclamados como universais e que agochan os intereses particulares dos  
 85 grupos dominantes. Namentres non exista un suxeito xurídico universal unanimemente aceptado,  
 86 a solidariedade dos pobos na loita polo seu benestar non pode ser imposta por uns Estados sobre  
 87 os outros.

88 Anova - Irmandade Nacionalista en fin, aposta por un movemento político organizado nacionalista  
 89 para a construción do socialismo republicano na Galiza e no Mundo, consciente ademais de que o  
 90 sistema económico actual está a pór en perigo a propia supervivencia da biosfera.

91 Este propósito concretouse en que Anova - Irmandade Nacionalista se constituíu *nunha*  
 92 *organización de carácter asembleario, aberto e plural, de integración individual, organización*  
 93 *territorial e en rede, con vocación de continuidade na acción social, de carácter nacionalista,*  
 94 *expresión política do galeguismo, e enmarcada tanto na tradición plural da esquerda como nas*  
 95 *novas expresións da mesma.* Unha organización política comprometida coa liberación nacional e a  
 96 transformación social **por e para o pobo galego.**

97 Os principios que guían a Anova, son: Galiza é unha nación; democracia participativa; modelo  
 98 social en defensa dos intereses populares; auto-organización; antiimperialismo e paz mundial;

99 feminismo e antipatriarcado, igualitarismo; loita contra todo tipo de discriminación; sustentabilidade  
 100 ecolóxica e social; defensa da nosa lingua, extensa e útil; defensa dos dereitos relativos á cultura  
 101 popular dixital; laicismo e republicanismo.

102 Nos **Principios ético-políticos**, que deben ser respectados, defendidos e practicados polas  
 103 persoas integrantes de Anova - Irmandade Nacionalista recóllense a *autodeterminación cara a*  
 104 *independencia; fraternidade, cooperación; república; democracia participativa; primacía dos*  
 105 *dereitos colectivos; igualitarismo; toma de conciencia das situacións de discriminación; vía*  
 106 *política, democrática e pacífica; socialización; laicidade, novo activismo político e radicalidade*  
 107 *democrática tamén en que os pactos pre e post electorais serán tomados e ratificados polo*  
 108 *conxunto da militancia do ámbito de aplicación do mesmo e estarán en consonancia coa liña*  
 109 *política que teña definido a organización.*

110 No **Para que nos organizamos?**, reitera a aposta pola radicalidade democrática externa e  
 111 interna, o respecto a autonomía dos movementos sociais e reivindica **a política como**  
 112 **mecanismo lexítimo de poder, imprescindible para coutar os outros poderes,**  
 113 **nomeadamente o económico-especulativo da plutocracia financeira, que nos últimos**  
 114 **decenios someteu aos seus intereses aos poderes públicos e arrastrou a toda a sociedade a unha**  
 115 **crise e a unha depresión sen precedentes, especialmente grave en países sen soberanía política**  
 116 **como o galego.**

117 Anova – Irmandade Nacionalista nas 23 propostas programáticas sinala os eixos centrais da  
 118 actuación política na loita **Contra o espolio; Defensa do noso; Igualdade e dereitos sociais e**  
 119 **Solidariedade económica e desenvolvemento.**

120 **Por último, a consecución do poder político é un catalizador da transformación social, que**  
 121 **debe acompañarse do consenso popular e a hexemonía na sociedade civil.**

122

### 123 **A Fronte Ampla.**

124 Arredor destas destas propostas programáticas fíxose o chamado á **Fronte Ampla como**  
 125 **chamado á unidade de acción dirixido ao nacionalismo e á esquerda, con carácter non**  
 126 **excluínste** e que se concretou nunha coalición electoral cun programa electoral que recolle as  
 127 nosas propostas programáticas case na súa integridade.

128 Anova considera que a proposta de fronte ampla debe manterse para outros ámbitos de actuación  
 129 co mesmo carácter que con que o fixemos en xullo pasado: chamado á unidade de acción arredor  
 130 de propostas programáticas, dirixido ao nacionalismo e á esquerda, con carácter non excluínste. A  
 131 concreción da unidade de acción para distintos ámbitos é desexábel que alargue o abano de  
 132 colaboradores pero tamén pode resultar que se configuren alianzas con actores distintos para  
 133 diferentes ámbitos.

134 Compre afondar nas dinámicas de fronte ampla para levalas alén do terreo exclusivamente  
 135 electoral. Neste senso, Anova traballará para implicar ao conxunto dos axentes sociais e políticos  
 136 do País para tecer, en chaves de esquerda e de defensa do dereito a decidir, un amplo  
 137 movemento político e social baseado na organización e na mobilización que sexa quen de soste  
 138 un pulso estratéxico cara unha creba democrática e a apertura dun proceso constituínste galego.

139

### 140 **AGE.**

141 A irrupción de AGE crebou para sempre a foto fixa na que sobrevivía o nacionalismo galego.  
 142 Crebáronse fronteiras e creáronse novos espazos de representación cidadán. Uníronse forzas  
 143 provenientes de tradicións políticas distintas, moitas veces enfrontadas, que entenderon as  
 144 esixencias deste tempo e a situación de gravidade excepcional que estamos a vivir. Porque para  
 145 que a soberanía sexa algo máis ca unha palabra fetiche compre conquistar hexemonía, e iso só o  
 146 pode facer un suxeito colectivo representativo da maioría social agredida, para o cal non pode ser  
 147 requisito que todos os individuos se adscriban a unha cultura política.

148 O proceso electoral confirmou o acerto da construción dunha fronte ampla de esquerda e  
 149 defensora do dereito de autodeterminación.

150 O éxito de AGE fundamentalmente pola práctica anoadora e o discurso político nacionalista de  
 151 esquerda de Anova que conectou con boa parte do nacionalismo, atraeu como nos anos 90 á  
 152 base desencantadas do PSOE ao nacionalismo, incorporou a práctica totalidade dos votos de EU  
 153 e arrincou un porcentaxe significativo da abstención e do voto en branco. Tamén é de salientar a  
 154 boa marcha e traballo do Grupo Palamentar de AGE que demostrou o atinado da nosa proposta.

155

### 156 **Partido e movemento.**

157 Nos documentos constituíntes Anova aposta por *un movemento verdadeiramente transformador e*  
 158 *emancipador que debe anticiparse ás institucións políticas convencionais, xerando, apoiando e*  
 159 *asesorando proxectos emancipadores e alternativos ao sistema actual.*

160 O partido ou a organización política como nos autodenominamos, aposta por xerar un movemento  
 161 emancipador pero non aspira a substituílo. O movemento ten que se xerar na sociedade e Anova  
 162 será parte del pero en pe de igualdade cos outros actores que non serán necesariamente  
 163 organizacións políticas. Pola contra é imprescindible a implicación activa da sociedade civil.

164 A relación de Anova cos movementos sociais será de acompañamento e, no seu caso, axudando  
 165 para promover unha rebelión cívica colectiva. Anova cando participe como organización en  
 166 plataformas políticas de mobilización que teñan como obxectivo emprender loitas que  
 167 corresponden a toda a cidadanía civil, consciente, activa e organizada farao en pé de igualdade  
 168 cos movementos sociais. Anova tenderá a non manifestarse con simboloxía propia (faixas,  
 169 bandeiras partidarias, etc), especialmente, nas mobilizacións colectivas da sociedade civil.

170 Neste sentido Anova priorizará o fortalecemento da sociedade civil, coas súas dinámicas propias  
 171 fronte a hipertrofia institucional e as peaxes que sempre acaba cobrando ás organizacións  
 172 populares.

173

### 174 **OBXECTIVOS URGENTES**

175

176 Rebelión cívica organizada, creba democrática e inicio dun proceso constituínte *sobre a base*  
 177 *soberanía política da nosa nación segue a ser un obxectivo estratéxico que debe incorporar novas*  
 178 *dimensións da soberanía como a soberanía alimentar, a soberanía enerxética, a soberanía*  
 179 *cultural e o exercicio real da soberanía popular.*

180

### 181 **Política de alianzas:**

182 Galiza é unha nación que, dende a óptica de Anova, debe ter presenza como tal nas diferentes  
 183 fronteiras que a nivel internacional se opoñen á hexemonía dos menos e pulan pola liberación  
 184 colectiva dos máis. A actividade internacionalista de Anova non só se circunscribe á presenza de  
 185 representantes da organización en diferentes espazos, senón que sobre todo apoiará a presenza  
 186 de activistas galegas e galegos, e dos ollares galegos, nos diferentes procesos de emancipación  
 187 popular a nivel mundial.

188 É preciso tecer ligazóns nos diferentes ámbitos nos que se libra a guerra democrática polo  
 189 liberación nacional e social de Galiza criando espazos de encontro ao xeito dos foros sociais pero  
 190 que inclúan tamén organizacións políticas. For no nivel Galego, Estatal-español, Europeo ou  
 191 mundial.

192

### 193 **Alianza electorais.**

194 A política de alianzas electorais de Anova – Irmandade Nacionalista debe seguir a enmarcharse en  
 195 todo caso, na idea dunha fronte ampla baseada na coincidencia na unidade de acción articulada  
 196 arredor de compromisos e liñas programáticas concretas e coa condición inescusábel de non  
 197 admitir posicións excluíntes.

198 En cada un dos ámbitos nos que se prantexa a posibilidade dunha alianza electoral o prioritario  
 199 debe ser a posibilidade de levar á práctica as nosas propostas programáticas e/ou a orientación  
 200 cara obxectivos estratéxicos que poidamos acadar ou debiliten as posición da ditadura da  
 201 Plutocracia.

202 Cando sexa posíbel decidiremos despois da verificación práctica da unidade de acción na loita  
 203 social nas diferentes formas que esta poida ter.

204 A decisión final que se tome en cada caso deberá ser tomada polo conxunto da militancia de  
 205 Anova como establecen os estatutos e non terá que ser, necesariamente, a mesma en cada caso.

206

### 207 **Propostas programáticas.**

208 Os grupos de traballo nacionais deberán desenvolver programas de actuación que serán  
 209 abordados e acordados en conferencias de Anova

210 A Coordinadora Nacional tamén promoverá, periodicamente, Conferencias Políticas Abertas, xa  
 211 sexan presenciais ou telemáticas, monográficas, sectoriais ou multidimensionais, co fin de  
 212 fomentar o debate socio-político e axudar a definir as súas estratexias nos diferentes eidos e  
 213 desenvolver programas de actuación sobre a base das propostas programáticas.

214

### 215 **Contra o espolio**

216

217 1. Auditoría da débeda pública que en boa medida é ilexítima, compromiso de non aportar fondos  
 218 públicos para viabilizar entidades bancarias, e esixir responsabilidades penais aos xestores destas  
 219 entidades. Constitución dun sector financeiro público ao servizo da cidadanía galega e apostar  
 220 pola reversión das caixas de aforro á súa natureza orixinal de entidades non capitalistas de  
 221 economía social e dar apoio a iniciativas de banca ética e democrática..

222 2. Reversión ao dominio público das concesión feitas ao sector privado en materia de  
 223 infraestruturas, recursos, bens e servizos estratéxicos que poidan ser interpretados como de  
 224 interese público ou común.

225 3. Oposición frontal ás concesións mineiras espoliadoras que para o exclusivo interese das  
 226 multinacionais está a favorecer o PP deturpando o medio os nosos recursos naturais.

227 4. Regulación pública vía taxación dos mercados, intermediarios, fluxos financeiros e movementos  
 228 de capitais, con especial rigor no tocante ás operacións especulativas.

229 5. Control democrático da política monetaria hoxe nas mans dos “técnicos” do BCE.

230

231

### 232 **Defensa do noso**

233

234 5. Recoñecemos o determinante papel da diáspora galega, nos momentos máis negros da nosas  
 235 historia, na defensa da nosa identidade como pobo e por xustiza e equidade comprometémonos a  
 236 garantir os seus dereitos cidadáns.

237 6. Defensa activa contra a desaparición da identidade galega, contra o exterminio planificado da  
 238 nosa lingua, o deterioro da nosa paisaxe, o abandono do noso patrimonio cultural e a deturpación  
 239 da nosa historia.

240 7.- O discurso lingüístico de Anova será en positivo a pesar das dificultades, vendo a lingua como  
 241 fenómeno social e máis unha cuestión de clase. Favorecerase o protagonismo social nos  
 242 procesos de normalización da lingua e pularase polo monolingüismo social en galego atendendo á  
 243 nosa pertenza ao sistema lingüístico galego-portugués.

- 244 8. Defensa do ámbito informativo galego con medios de comunicación non sometidos aos poderes  
245 políticos e económicos, senón ao control social. Os medios de comunicación públicos de Galiza,  
246 especialmente no que concerte á RTVG, son instrumentos imprescindíbeis para a nosa  
247 articulación nacional e para a creación, desenvolvemento e difusión de universos simbólicos e  
248 tamén para a normalización da lingua galega e todas as nosas expresións culturais e artísticas.  
249 Apoio aos medios de comunicación comunitarios e de proximidade , xa que é unha forma de  
250 independencia dos intereses que manexan actualmente os medios de comunicación.
- 251 9. Soberanía alimentaria e enerxética. Sustentabilidade ecolóxica e social. Anova é consciente de  
252 que o crecemento económico ilimitado é irracional e imposíbel nun planeta finito. Anova valorará  
253 desde xa diferentes opcións.
- 254 10. Ordenación territorial e urbanística con criterios sociais e ecolóxicos, buscando o reequilibrio  
255 territorial, recuperando as formas de poboamento tradicionais e humanizando os núcleos urbanos.  
256 Apoio ao desenvolvemento do rural, e en especial ao problema demográfico, criando factores que  
257 axuden á fixación da poboación.
- 258 11. O dereito a unha vivenda digna e axeitada como un dereito universal.
- 259 12. Eliminación dos privilexios que en materia económica goza a Igrexa Católica ou calquera trato  
260 de favor a calquera outra que se poida dar no futuro.
- 261
- 262 *Igualdade e dereitos sociais*
- 263
- 264 13. Reivindicamos o establecemento e fortalecemento dun Marco Galego de Relacións Laborais  
265 que desenvolva e potencie a Negociación Colectiva, a solución de conflitos, a Formación  
266 Profesional, a contratación e a participación sindical nas empresas, garantindo: a estabilidade e  
267 seguridade no emprego, a redución da xornada laboral, a cobertura do paro e das xubilacións, a  
268 participación equitativa da forza de traballo no valor engadido e o incremento sustentábel da  
269 produtividade. Derrogación das sucesivas reformas laborais que vaian en deterioro dos dereitos  
270 laborais. Democratización da empresa regulando a participación das persoas traballadoras na  
271 súa dirección e xestión.
- 272 14. Promover un sistema de Servizos Sociais público, de calidade e atención integral. Suprimir  
273 gradualmente concertos con entidades privadas e recuperar a xestión de centros de titularidade  
274 pública, actualmente en mans da iniciativa privada.
- 275 Implantación dunha renda social básica, de carácter universal, que garanta a subsistencia cun  
276 mínimo de dignidade.
- 277 15. Igualdade real de homes e mulleres no eido político e laboral, medidas para a erradicación da  
278 violencia machista, respecto aos dereitos sexuais e reprodutivos. Igualdade real de mulleres e  
279 homes en todos os eidos (laboral, económico, social, ...). Estabelecemento efectivo de medidas de  
280 erradicación da violencia machista e de xénero. Respecto aos dereitos sexuais e reprodutivos das  
281 persoas.
- 282 16. Defensa do dereito das mulleres a decidirmos no noso propio corpo e a vivirmos libremente a  
283 nosa sexualidade. Respecto aos nosos dereitos sexuais e reprodutivos. Defensa do aborto libre,  
284 público e gratuíto. Eliminación da obxección de conciencia na sanidade pública.
- 285 17. Defensa dos dereitos da infancia e da xente maior. Potenciar e ampliar a lei de dependencia  
286 e outras ferramentas que permita unha vida digna e propia a este colectivo.
- 287
- 288 18. Defensa dos dereitos dos animais. Prohibición de espectáculos con sufrimento animal,  
289 degradación dos mesmos e das persoas asistentes.
- 290
- 291 19 Garantir os dereitos da comunidade LGTB.
- 292 20. Defensa innegociable dos servizos sociais públicos, nomeadamente dunha sanidade e dun  
293 ensino gratuítos, públicos, universais e de calidade. Tenderase a suprimir todos os concertos con

294 empresas privadas sanitarias e educativas, destinando eses recursos á sanidade e á educación  
295 públicas.

296 21. Medidas para regularizar a situación das persoas migrantes e para garantir a plena igualdade  
297 de dereitos co resto da poboación.

298 22. Combate á profesionalización da política institucional e rexeitamento da súa centralidade no  
299 espectro da loita política. Neste sentido, os nosos e nosas representantes institucionais han  
300 predicar co exemplo da súa conduta.

301 23. Anova propugnará e defenderá un sistema electoral xusto, equilibrado e proporcional puro,  
302 tanto nas institucións nas que esteamos presentes, como nos ámbitos nos que traballemos. Un  
303 sistema que recolla fielmente o postulado 1 persoa 1 voto con igual peso no resultado.

304 Promoverase e defenderase o establecemento de todo o territorio galego como circunscrición  
305 electoral única nas eleccións a parlamento galego, ao congreso dos deputados e calquera outro  
306 proceso no ámbito estatal, así como oposición frontal a toda medida que se pretenda tomar  
307 tendente á diminución dos representantes institucionais en calquera ámbito electoral.

308

### 309 **Solidariedade económica e desenvolvemento**

310

311 24. Reforma tributaria para restablecer unha fiscalidade progresiva, nomeadamente sobre os  
312 tramos elevados de ingresos e patrimonios privados, a prol dunha indispensábel política  
313 redistributiva de benestar social, encamiñada a garantir as condicións materiais da liberdade.

314 25. Peche de paraísos fiscais e rexeitamento de medidas de amnistía fiscal. Rebelión cívica contra  
315 as medidas de organismos non democráticos como os Institutos Financeiros Internacionais (por  
316 exemplo BCE, BM, FMI etc.). – Establecemento de medidas legais e mecanismos contra a  
317 corrupción.

318 26. Políticas de defensa do sector labrego, revitalizando as pequenas e medianas explotacións,  
319 garantía de prezos xustos, apostando pola recuperación dos ecosistemas agrarios e a  
320 sustentabilidade económica, impulsando a ordenación do territorio e a fixación de poboación no  
321 medio rural. Políticas análogas para o mundo mariñeiro e a beiramar.

322 Ningunha das políticas agrarias das últimas décadas foi quen de frear o etnocidio do rural galego.  
323 Entendemos este como un dos meirandes problemas aos que nos enfrontamos. Os valores  
324 materiais e inmateriais da Galiza rural son necesarios, mais tamén son alternativas para camiñar a  
325 un outro modelo de sociedade cooperativa, xusta, sustentábel, autoorganizada, autoxestionada e,  
326 ao cabo, desmercantilizada e marcadamente anticapitalista.

327 27. Políticas de promoción e equidade económica, fiscal, social e laboral para as formas de  
328 traballo autónomo e de pequenas empresas, con fincapé nas formas cooperativas e de economía  
329 social. E fomento decidido das políticas, no contexto actual, de creación de emprego baseadas  
330 nos postulados anteriores.

331 28. Ordenación do sector comercial a prol da revitalización racionalizada do pequeno e mediano  
332 comercio fronte ao grande capital comercial, impulsando a necesaria reforma do marco normativo  
333 do sector. Rexeitamento de grandes superficies comerciais que non obedecen na meirande parte  
334 das veces máis que a intereses urbanísticos, financeiros e especulativos que nada teñen que ver  
335 co interese xeral e por contravir no desenvolvemento do comercio tradicional.

336

337

338 Galiza, 11 de abril de 2013